

# A educación dos Pais

Vouvos falar da educación dos pais, que nos queren dar unha boa educación pero ao moderno e aí é onde o fastidian todo.

Primeiro as cores que nos poñen: se é nena, rosa e se é neno, azul. Non nos podían poñer un verde fosforito? Outra son os xoguetes: se é neno, o balón e se é nena, a boneca. Iso si, educación moderna, e que nos len? Os tres porquiños, branca de neves, carapuchiña vermella..., pero que lle ven de moderna a branca de neves? É unha rapaza que escapa do castelo porque a súa madrastra a quere matar, ponse a vivir con sete ananos, a madrastra entérase e mátaa, logo vén o príncipe dálle o bico e xa está.

Eu creo que tiña que ser: a rapaza quería ir de festa e a nai non lle deixa. Ela escapa. Estando na festa con sete amigos un pervertido bótalle o ollo, pero non só lle bota o ollo, senón que tamén lle bota algo na bebida. A rapaza, colocada, vai ao baño e desmáia e entón o pervertido aprovéitase dela. Ese si que é un conto ao moderno.



[cuentosparacolorear.com](http://cuentosparacolorear.com)

Típica frase das nais: “estades enganchados ás maquinitas”. Pero é que non me estraña, cómennos a cabeza. Que nos regalan con seis anos? Ás nenas, a cocinita e aos nenos, o balón do Real Madrid; con sete, aos nenos o balón do Barcelona e ás nenas o carrito da limpeza; con oito, ás nenas os patíns e aos nenos o patinete; con nove xa coinciden, aos dous a bicicleta; pero con dez fastídiano todo, que nos regalan a playstation; con once, o ordenador; con doce, o móbil. A ver, en vez de regalarnos unha playstation, podían regalarnos un yoyó, que

total móvense os mesmos músculos: só os das mans.

O que máis me fastidia a min é: Que lle regalan os rapaces con dezaseis anos? A moto. E ás rapazas? Vai andando, se queres. Iso si, aos dezaioito xa collemos o desquite: coche último modelo e aos rapaces “canjalla vella”, que se queres que ande, tunéala.

Eu non entendo os pais. Cando os entendades vós, avisádeme.

Vanesa Feijó, 2º ESO C.